

## Actividades:

Tanto as actividades como as instrucións para a súa realización iranse colgando na aula virtual da materia.

## Formas de contacto:

- **Titores legais/profesora:**

A través de Abalar ou AbalarMóbil (é unha aplicación para o móbil, descárgase a través da Play Store ou Apple Store, aquí tendes unha [guía](#)).

- **Alumno ou alumna/profesora:**

A través da aula virtual da materia.

No último apartado, que chamei clases virtuais, o alumno terá á súa disposición:

- Un foro de novidades que deberá consultar para saber as tarefas que ten que facer.
- Un foro de dúbidas, visible para todos os alumnos da clase, onde poderán facer consultas, contactar ca docente ou contestar dúbidas expostas polos compañeiros.

O alumno/a tamén poderá contactar ca docente de xeito individual e privado a través da aula virtual da materia. Deixo colgado un vídeo a modo de guía na propia aula virtual.

***Se algún alumno/a ten dificultades para entrar na aula virtual, rogo que se poñan en contacto comigo para tentar solucionalo na maior brevidade posible.***

Pontedeume, 15 de marzo de 2020